



CONCELLO DE ARANGA

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,
RESOLVO:

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: xoves 28 de febreiro de 2019

Hora: 13:00

Lugar: sala de sesións da casa do concello

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Decretos, bandos e resolucións da alcaldía



CONCELLO DE ARANGA

3. Dación en conta da remisión de informes á Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas entidades locais: Execución orzamentaria do cuarto trimestre, Periodo Medio de Pago do cuarto trimestre, Informe Morosidade, Líneas fundamentais do orzamento 2018 e Tipos Impositivos 2019.

4. Informe sobre aprobación da liquidación do orzamento de 2018

5. Informe sobre Expediente de Incorporación de Remanentes de Crédito 2019

6.- Dación en conta de subvencións solicitadas e convenios subscritos.

7.- Acordo de cesión gratuita dun ben municipal

8.- Aprobación do padrón de contribuíntes do Servizo de recollida de RSU 2019

9.- Elección de Xuíz de Paz substituto

10. Aprobación do Orzamento Municipal do exercicio 2019

11. Aprobación do Expediente de Modificación de créditos 1/2019

12. Moción do grupo socialista en relación coa mellora da calefacción e outras obras de mellora no CEIP da Castellana.

13. Rogos e preguntas

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sras. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

Aranga, luns 25 de febreiro de 2019

O alcalde, Alberto Platas Álvarez